

PROTECCIÓN DE DATOS.- Para os efectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE do 14-12-1999), de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos consignados neste modelo serán incorporados ao Ficheiro Xeral de Afiliación, regulado pola Orde do 27-07-1994. Respecto dos citados datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na indicada Lei orgánica 15/1999.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O MODELO

XERAIS

- O documento deberá cubrirse a máquina ou con letras maiúsculas, sen emendas nin riscadas.
- Os espazos sobre fondo gris deberá cubrilos a Administración da Seguridade Social.
- Este modelo utilízase para a inscrición do empresario na Seguridade Social e para a apertura da súa primeira ou principal conta de

ESPECÍFICAS

1. DATOS DE ENCADRAMENTO NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

1.1 Réxime sector de Seguridade Social.- Indicarase o que lle corresponda entre os seguintes: xeral, agrario, carbón, mar ou empregados de fogar. Se se trata dalgún dos sectores de artistas, toureiros, representantes de comercio, traballadores ferroviarios e xogadores de fútbol, consignarase este. No réxime especial do mar, indicarase o grupo de cotización no que se atopa comprendida a conta de cotización que se lle recoñece ao empresario: I (traballadores por conta allea do grupo 1.º e armadores asimilados a traballadores por conta allea do grupo 1.º); II A (traballadores por conta allea do grupo 2.ºA e armadores asimilados a traballadores por conta allea do grupo 2.º); II B (traballadores por conta allea do grupo 2.ºB e armadores asimilados a traballadores por conta allea do grupo 2.ºB); e III (traballadores por conta allea do grupo 3.º).

1.2 Sistema especial.- Cando a actividade desenvolvida estea comprendida nun sistema especial do réximen xeral da Seguridade Social, como "resina", "conservas vexetais", "froitas e hortalizas", etc., indicarase a que lle corresponda. En caso de dúbida, deixarase en branco este recadro e indicárselle esta circunstancia á dependencia da Tesourería Xeral da Seguridade Social na que se presente o documento, para que sexa tramitado por esta.

Data de inscrición.- Indicarase o día, mes e ano no que se solicita que figure inscrita a empresa.

2. DATOS IDENTIFICADORES

DATOS DA EMPRESA:

2.1 Apelidos e nome ou razón social.- Indicarase o nome e apelidos ou razón social do solicitante da inscrición.

2.2 Nome comercial ou anagrama.- Farase constar, se existe tal denominación para a empresa, e indicarase, se é o caso o nome comercial que lle corresponda á actividade para a que se solicita a apertura da conta de cotización. No réxime especial agrario, consignarase neste campo a denominación da explotación agraria.

2.3 Tipo de documento identificador (marque cunha "X" o que proceda).- Documento nacional de identidade (DNI), tarxeta de estranxeiro, pasaporte, número de identificación fiscal (CIF), etc.

2.4 Número de documento identificador.- Reflectirse o número de documento identificador. Se se trata de tarxeta de estranxeiro, consignarase o número de identificación de estranxeiro (NIE).

2.5 Número de Seguridade Social.- Anotarase o número de Seguridade Social ou número de afiliación do empresario, no caso de ser esta persoa física.

3. DATOS DE CONSTITUCIÓN DA EMPRESA (só para o empresario colectivo)

3.1 Data.- Indicarase día, mes e ano no que se constituíu o empresario colectivo.

3.2 a 3.10 Datos de rexistro.- Anotarase o tipo de rexistro de entre os seguintes: mercantil, propiedade, cooperativas, asociacións, partidos políticos, entidades relixiosas, mutualidades, mutua de accidentes de traballo da Seguridade Social. De tratarse doutro distinto, indicarase o seu nome. Consignarase o número de rexistro se existen varios na provincia, así como a provincia e os datos rexistrais, con especificacións de A ou I, segundo se trate de anotación ou inscrición.

4. DOMICILIO PARTICULAR OU SOCIAL DA EMPRESA COLECTIVA

4.1 Tipo de vía pública.- Consignarase a denominación que lle corresponda (por exemplo, rúa, praza, camiño, pasaxe, etc.).

Nome da vía pública.- Indicarase o seu nome completo, sen abreviaturas, e omitíranse os artigos e preposicións de enlace que non sexan significativas.

Municipio/entidade de ámbito inferior ao municipio, provincia.- No primeiro recadro, consignarase a denominación do municipio e, de ser outra entidade inferior, indicarase se se trata de concellos, pedanías, aldeas, barrios, parroquias, casaríos, freguesías, etc., cando sexa necesario para a súa correcta localización. As denominacións escribíranse completas, sen abreviaturas e omitíranse os artigos e preposicións de enlace non significativas.

Teléfono, móbil, fax e correo electrónico.- Anotarase os datos completos.

5. DATOS RELATIVOS Á ACTIVIDADE ECONÓMICA

5.1 Actividade económica.- Farase constar a actividade económica desenvolvida, e utilizarase, se é o caso, a mesma expresión que figure no imposto de actividades económicas.

5.2 IAE Imposto de actividades económicas.- Consignarase a clave do citado imposto.

5.4 e 5.6 Só se cubrirán estes puntos cando se trate dunha empresa que reúna algunha das características mencionadas.

5.5 Traballadores conta allea ou asimilados con exclusións de cotización.- Só se anotará datos neste campo cando a solicitude de inscrición se faga para dar de alta a traballadores cun tipo de relación laboral para os que a normativa aplicable prevexa algún tipo de exclusión na cotización, por exemplo, para incluír a traballadores con contrato de aprendizaxe, traballadores trasladados ao estranxeiro, socios de traballadores de cooperativas, ministros e relixiosos de distintos cultos, conselleiros e administradores de sociedades mercantís, armadores asimilados a traballadores por conta allea no réxime de traballadores do mar e calquera outro colectivo para os que a norma prevexa algún tipo de exclusión.

5.7 Domicilio.- Indicarase o domicilio e teléfono onde se realiza a actividade, segundo as indicacións dadas no apartado 4. Se, polas características desta non existise domicilio de desenvolvemento da actividade, deixará este apartado en branco.

6. DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

6.- Marcarase cunha "X" a opción elixida.

7. DATOS DE SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA

7.1 Entidade de accidentes de traballo.- Indicarase a denominación da entidade coa que se concertou a cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais .

7.2. Entidade coa que cubre a incapacidade temporal por contingencias comúns.- Marcarase cunha "X" se se opta por cubrir a prestación económica de incapacidade temporal derivada de contingencias comúns a través da entidade xestora da Seguridade Social, ou a través dunha mutua de AT e EP. Se se opta por unha mutua, esta deberá ser a mesma que a que protexe os riscos profesionais.

8. DATOS RELATIVOS AO REPRESENTANTE

8.1 Nome e apelidos.- Indicarase o nome e apelidos completos do representante.

8.2 Tipo de documento identificador (marque cunha "X").- Documento nacional de identidade (DNI), tarxeta de estranxeiro, pasaporte, outro documento...

8.3 Número de documento identificador.- Reflectirase o número do documento identificador. Se se trata de tarxeta de estranxeiro, consignarase o número de identificación de estranxeiro (NIE).

8.4 Número de Seguridade Social.- Anotarase o número de Seguridade Social ou número de afiliación do representante.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR

- ▶ **Documento identificador do titular da empresa, empresario individual ou titular do fogar familiar.**
- ▶ **Documento de constitución do empresario colectivo** debidamente inscrito no rexistro que, en cada caso, lle corresponda. No suposto de comunidade de bens ou sociedade civil irregular, o contrato suscrito polos comeneiros ou socios no que conste o nome e os apelidos, domicilio e o documento identificador de cada un deles.
- ▶ **Documento emitido polo Ministerio de Economía e Facenda** no que se asigna o número de identificación fiscal no que conste a actividade económica da empresa (non se require este documento para o réxime especial de empregados de fogar).
- ▶ **Documento identificador da persoa que formula a solicitude de inscrición.**
- ▶ **Documento que outorga a representación** ou autorización á persoa que formula a solicitude de inscrición.
- ▶ **Cando se trate de asociacións ou comunidades ou calquera outra fórmula de constitución, achegarase o documento que xustifique esta.**
- ▶ **No suposto de solicitude de inscrición en réximes especiais, como o mar ou agrario, a documentación que xustifique, se é o caso , a realización da actividade.**



TA.6-G

Registro de presentación

Registro de entrada

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

1. DATOS DO ENCADRAMENTO NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL

1.1 RÉXIME (ver punto 1 de instrucións) 1.2 SISTEMA ESPECIAL

DATA DE INSCRICIÓN
Día Mes Ano

2. DATOS DO EMPRESARIO SOLICITANTE

2.1 NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE OU RAZÓN SOCIAL

2.2 NOME COMERCIAL OU ANAGRAMA

2.3 TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR (marque cunha "X")
DNI: CIF: TARXETA DE ESTRANXEIRO: OUTRO DOCUMENTO:

2.4 N.º DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR 2.5 NÚMERO DE SEGURIDADE SOCIAL

3. DATOS DA CONSTITUCIÓN DA EMPRESA

3.1 DATA
Día Mes Ano

3.2 TIPO REGISTRO 3.3 NÚMERO 3.4 PROVINCIA 3.5 TOMO

3.6 LIBRO 3.7 FOLIO 3.8 SECCIÓN 3.9 FOLLA 3.10 I/A

4. DOMICILIO PARTICULAR OU SOCIAL

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA PÚBLICA BLOQUE NÚM. BIS ESCAL. PISO PORTA CÓD. POSTAL

MUNICIPIO / ENTIDADE DE ÁMBITO TERRITORIAL INFERIOR AO MUNICIPIO PROVINCIA

4.1 TELÉFONO MÓBIL FAX CORREO ELECTRÓNICO

5. DATOS RELATIVOS Á ACTIVIDADE ECONÓMICA

5.1 ACTIVIDADE ECONÓMICA 5.2 IAE 5.3 CÓDIGO CNAE 93

5.4 MÁRQUESE CUNHA "X" SE SE TRATA DE :
ETT TRABALLADORES DE ESTRUCTURA TRABAJADORES CEDIDOS CENTRO DOCENTE SUBVENCIONADO NON SUBVENCIONADO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

5.5 TRABALLADORES CTA, ALLEA OU ASIMILADOS COAS EXCLUSIÓNS DE COTIZACIÓN

5.6 TRABALLADORES DO RÉXIME XERAL CON COEFICIENTE REDUCTOR DA IDADE DE XUBILACIÓN
FERROVIARIOS PERSOAL DE VOO AÉREO ESTATUTO DO MINEIRO

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA PÚBLICA BLOQUE NÚM. BIS ESCAL. PISO PORTA CÓD. POSTAL

MUNICIPIO / ENTIDADE DE ÁMBITO TERRITORIAL INFERIOR AO MUNICIPIO PROVINCIA

5.7 TELÉFONO MÓBIL FAX CORREO ELECTRÓNICO

6. PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS SINALA COMO DOMICILIO PREFERENTE (marque cunha "X" a opción correcta)

DOMICILIO PARTICULAR OU SOCIAL DO EMPRESARIO (PUNTO 4) DOMICILIO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA (PUNTO 5.7)

7. DATOS DA SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA

7.1 ENTIDADE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS (N.º E DENOMINACIÓN)

7.2 ENTIDADE COA QUE CUBRE A INCAPACIDADE TEMPORAL POR CONTINXENCIAS COMÚNS
MARQUE CUNHA "X" : ENTIDADE XESTORA MUTUA

8. DATOS RELATIVOS AO REPRESENTANTE

8.1 NOME E APELIDOS

8.2 TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR (marque cunha "X")
DNI: TARXETA DE ESTRANXEIRO: OUTRO DOCUMENTO:

8.3 N.º DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR 8.4 NÚMERO DE SEGURIDADE SOCIAL

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

Data:

Sinatura

REPRESENTANTE (DATA, SINATURA E SELO)

Data:

Sinatura

EMENDA E/OU MELLORA REQUIRIDA

ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE A SOLICITUDE: DIRECCIÓN PROVINCIAL OU ADMINISTRACIÓN DA TXSS:

ADVERTENCIA: Nas comunidades autónomas con lingua cooficial, existe á súa disposición, este impreso redactado na outra lingua oficial.



XUSTIFICANTE DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL- (TA.6-G)

Coa data que se indica neste documento, tivo entrada no rexistro desta Administración da Seguridade Social a solicitude cuxos datos figuran a continuación:

DATOS DO EMPRESARIO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE OU RAZÓN SOCIAL

TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR (marque cunha "X")

DNI: CIF: TARXETA DE ESTRANXEIRO: OUTRO DOCUMENTO:

N.º DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR
DA EMPRESA

DATA DE INSCRICIÓN

Día Mes Ano

Rexistro de entrada

PRAZO DE RESOLUCIÓN: o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre esta solicitude será de corenta e cinco días, que se contarán a partir da data da súa entrada no rexistro da Dirección Provincial da Tesorería Xeral da Seguridade Social ou Administración da Seguridade Social competente para a súa tramitación. O prazo indicado poderá ser suspendido cando deba requirirse a emenda de deficiencias e a presentación de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, así como no resto dos supostos do art. 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o citado prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude poderá entenderse estimada, o que se lle comunica para os efectos do establecido no artigo 42.4 da Lei 30/1992.

TA.6-G (xustificante)
(02-01-2007)



EMENDA E/OU MELLORA DA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL- (TA.6-G)

A solicitude de inscrición de empresario individual cuxos datos figuran a continuación non reúne os requisitos establecidos polo artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e/ou os establecidos no Regulamento xeral aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que non se pode ditar resolución expresa no mesmo acto da presentación da solicitude.

DATOS DO EMPRESARIO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE OU RAZÓN SOCIAL

TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR (marque cunha "X")

DNI: CIF: TARXETA DE ESTRANXEIRO: OUTRO DOCUMENTO:

N.º DE DOCUMENTO IDENTIFICADOR
DA EMPRESA

DATA DE INSCRICIÓN

Día Mes Ano

De conformidade co establecido no art. 71 da Lei 30/1992, nun prazo de DEZ DÍAS, o solicitante deberá emendar a falta que se indica e/ou presentar os documentos que se relacionan.

Se non se emendase a falta ou non se entregasen os documentos solicitados, entenderase que desiste da súa petición, dítase a correspondente resolución e notificaráselle á Inspección de Traballo e Seguridade Social para os efectos pertinentes.

Rexistro de saída

PRAZO DE RESOLUCIÓN: o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre esta solicitude será de corenta e cinco días, que se contarán a partir da data da súa entrada no rexistro da Dirección Provincial da Tesorería Xeral da Seguridade Social ou Administración da Seguridade Social competente para a súa tramitación. O prazo indicado poderá ser suspendido cando deba requirirse a emenda de deficiencias e a presentación de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, así como no resto dos supostos do art. 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o citado prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude poderá entenderse estimada, o que se lle comunica para os efectos do establecido no artigo 42.4 da Lei 30/1992.

TA.6-G (emenda)
(02-01-2007)